

Rocio Mosquera Álvarez.
Conselleira de Sanidade.

Diante da situación denunciada polos Colexios Profesionais de Farmacéuticos e a alarma creada entre os/as pacientes e os/as médicos/as que asumen a responsabilidade da prescrición dos medicamentos, **CIG-Saúde** quere manifestar á opinión pública a súa preocupación pola situación creada pola aplicación do Real Decreto 16/2012, que ten un claro fin economicista, e que parece non ter en conta as necesidades de seguridade e garantía nin de pacientes nin de profesionais relacionados co medicamento.

É responsabilidade do Ministerio de Sanidade a valoración dos estudos de bioequivalencia completos, onde conste o país de realización, os equipos científicos responsables, os comités éticos implicados, o número de pacientes incluídos nos estudos e os resultados finais, antes de autorizar a comercialización dun medicamento como xenérico, en referencia a outro que xa está no mercado. Tamén é a súa responsabilidade o establecemento de mecanismos de control de calidade que permitan garantir a trazabilidade dos principios activos e a calidade dos procesos de fabricación.

Para dar resposta ás dúbidas xeradas non chega cunha nota da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS), na que se limita a recordar a normativa aplicable á autorización dos medicamentos, xenéricos ou non, no Estado, senón que é preciso responder cos estudos científicos que permitan aclarar que se cumpriu toda a normativa, á que fai referencia a nota, no caso dos laboratorios postos en cuestión.

Ten que quedar fora de toda dúbida que, máis alá das batallas comerciais e do interese do Ministerio e da Consellería de Sanidade de recortar o gasto farmacéutico, están os dereitos dos/as pacientes a ser tratados/as cos principios activos prescritos polos seus/súas médicos/as e fabricados nas condicións establecidas nas Normas de Correcta Fabricación (NCF) aplicables na Unión Europea.

Tamén é obriga da administración sanitaria garantir a continuidade dos tratamentos prescritos, para evitar que os diferentes modelos da embalaxe e da forma, de tamaño e de cor das cápsulas e comprimidos dificulten a continuidade do tratamento nos enfermos crónicos.

Vostede, como Conselleira de Sanidade de Galiza, tén a obriga de esixir do Ministerio de Sanidade que cumpra e faga cumprir as súas responsabilidades nestas materias, para garantir a seguridade da poboación que confía nas autoridades sanitarias e na vixilancia e control adecuados dos medicamentos que se lle dispensan.

CIG-Saúde solicita da Consellería de Sanidade unha pronta resposta que clarifique esta situación, e que valore a posibilidade de ir máis alá na normativa de medicamentos xenéricos e que se obrigue aos laboratorios fabricantes a manter a homoxeneidade no aspecto da embalaxe e a forma, tamaño e cor das cápsulas e comprimidos.

Un saúdo.

Compostela, 19 de xullo de 2012.



Asdo: Mª Xosé Abuín Álvarez.

Secretaría Nacional de CIG-SAÚDE.

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tfnos: 981 552826
981 564300
662 312958

Fax: 981 571082

Correo-e:
secretarianacional@cig-saude.org
executiva@cig-saude.org

Web:
www.cig-saude.org